

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL_ 1ºESO

PROBA DE AVALIACIÓN e ENTREGA DE EXERCICIOS	DATA / LUGAR	RESUMO DE CONTIDOS (Para máis información: consultar a programación didáctica do curso e ao profesorado encargado do seguimento da materia.)
1ª AVALIACIÓN	Luns 12 de xaneiro, 3ª sesión (de 10:40 a 11:30); Dpto. de Artes Plásticas - Debuxo (3º andar).	UD.2. Xeometría plana. - Manexo dos instrumentos de Debuxo Técnico. Trazado de rectas paralelas e perpendiculares con escuadro e cartabón. Trazado de circunferencias con compás. - Segmentos de recta: Medición (coa regra). Suma e resta (co compás). Mediatriz (definición e trazado). División en partes iguais empregando o teorema de Tales; aplicación para escalar un polígono. - Ángulos: Medición (co transportador de ángulos). Suma e resta (co compás). Bisectriz (definición e trazado). - Concepto, elementos e clasificación das formas poligonais (segundo o seu número de lados). Diferencia entre polígonos regulares e irregulares. - Triángulos: Clasificación: segundo os seus lados (equilátero, isóscele e escaleno) e segundo os seus ángulos (acutángulo, rectángulo e obtusángulo). Trazado de triángulos: coñecendo os seus tres lados, coñecendo dous lados e un ángulo e coñecendo dous ángulos e un lado. Trazado da circunferencia circunscrita (mediatrices e circuncentro) e da circunferencia inscrita (bisectrices e incentro). - Cuadriláteros: Clasificación (paralelogramos -cadrado, rectángulo, rombo e romboide-, trapezios -rectángulo, isóscele e escaleno- e trapezoides). Trazado de cuadriláteros paralelogramos coñecendo lados e diagonais. - Polígonos regulares: Trazado de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia: triángulo, cuadrilátero, pentágono e hexágono. - Composición modular. Rede ou estrutura modular. Módulo. Supermódulo e submódulo. UD.3. Os sistemas de representación. - Vistas diédricas de sólidos sinxelos.
2ª AVALIACIÓN	Luns 20 de abril, 3ª sesión (de 10:40 a 11:30); Dpto. de Artes Plásticas - Debuxo (3º andar).	UD.1. Manifestacións culturais e artísticas. Os xéneros artísticos. Valoración da perspectiva de xénero e patrimonio. UD.4. Comunicación visual. - Elementos e factores da comunicación visual (e audiovisual): emisor, receptor, mensaxe, código ou linguaxe, canle e contexto. - Linguaxe visual. Iconicidade do signo visual. Abstracción e figuración. Iconas e símbolos. - Funcións das mensaxes visuais. UD.5. Linguaxe visual. Elementos básicos de configuración: - Cor. Mestura substractiva (cores pigmento). Cores primarias e cores secundarias. Dimensións da cor: ton, luminosidade e saturación. Gamas cromáticas; gama cromática fría e gama cromática cálida. - Textura. Texturas visuais e texturas táctiles. - Forma e composición. Punto, liña e plano. Proporción, equilibrio e ritmo. Luz/Claroscuro: percepción e representación do volume. UD.6. Debuxo e pintura. - Técnicas básicas secas (grafito e lapis de cor) e húmidas (rotuladores e témperas). - Técnicas básicas indirectas (colaxe). UD.7. Escultura. - Técnicas básicas: modelado (barro, plastilina...), talla (xabón, porexpán...) e ensamblaxe (papel e cartón...) UD.8. Fotografía. - Fundamentos. Orixe e evolución. Posibilidades expresivas. UD.9. Banda deseñada. - Linguaxes visuais secuenciadas: a elipse narrativa. O plano. Encadre: plano xeral, plano medio, primeiro plano e plano de detalle. O punto de vista: frontal, picado e contrapicado. - Elementos da linguaxe da banda deseñada: viñeta, lenda, globo, liñas cinéticas e onomatopeas.
RECUPERACIÓN	Luns 18 de maio, 3ª sesión (de 10:40 a 11:30); Dpto. de Artes Plásticas - Debuxo (3º andar).	Contidos da 1ªAV. e/ou 2ª AV., segundo corresponda.
RECUPERACIÓN FINAL [AVALIACIÓN ORDINARIA]	Luns 15 de xuño, 3ª sesión (de 10:40 a 11:30); Dpto. de Artes Plásticas - Debuxo (3º andar).	Contidos da 1ªAV. e/ou 2ª AV., segundo corresponda.